

# BANDO

## PROGRAMA VACACIÓNS EN PAZ 2020

Infórmase aos veciños e veciñas que o Concello de Pontecesures continúa a colaborar coa **Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS)** no desenvolvemento do **Programa Vacacións en Paz** para nenas e nenos saharauís e quere dar cabida á **participación de novas familias** para o vindeiro **verán de 2020**.

Este Programa consiste no **Acollemento Familiar Temporal de nenas e nenos procedentes dos campos de refuxio saharauí** situados na zona da Hamada alxeriana en Tindouf, preto da fronteira Alxeriano-Saharauí, son fillas e fillos das e dos Saharauí desprazados pola represión, invasión e ocupación ilegal dos seus fogares por parte de Marrocos. A vida destas nenas e nenos transcorre, ao igual cá das súas familias, privada do máis elemental, xa que logo trátase de ofrecerlles durante os meses centrais do verán, no marco da **solidariedade e axuda internacional**, unha estadía agradable e humanamente rica a estes nenos e nenas, propiciando o intercambio cultural e a toma de consciencia da **situación do pobo saharauí** e do seu **dereito a vivir no Sáhara Occidental**.

Para participar no Programa os **únicos requisitos das familias** son:

- Aceptar as condicións e filosofía do Programa.
- Contar coa suficiente dispoñibilidade para garantir a axeitada atención das nenas e nenos
- Comprometerse a dar cobertura a tódalas necesidades das nenas e nenos (aloxamento, alimentación, saúde, hixiene, vestiario, lecer e afectividade).
- Contar cunha situación socio-persoal estable e normalizada.

**A selección das familias participantes e o proceso de preparación** posterior a través do que se lles informa dos seus dereitos e deberes, así coma das características xerais das nenas e nenos en canto á súa cultura, modo de vida, medio no que viven, e das pautas e orientación para a axeitada atención e desenvolvemento das estadías **realízana SOGAPS e a Delegación Saharauí para Galicia**.

## Prazo de Solicitud ata o 20 de decembro

Información: [www.sogaps.org](http://www.sogaps.org) [www.facebook.com/sogaps.galicia/](https://www.facebook.com/sogaps.galicia/)

Tel./Fax 986262637 E-mail: [info@sogaps.org](mailto:info@sogaps.org)

Poden dirixirse así mesmo ao Servizo Social Comunitario deste Concello os luns, de 10:30 a 14 e os martes e venres de 9 a 14 horas.

Pontecesures, 25 de outubro de 2019

O ALCALDE

Juán Manuel Vidal Seage

